


## Unidade 11. Resumo dos contidos

### 1. Formulación


Na unidade se presenta a formulación dos hidrocarburos saturados e insaturados, e para distintos grupos funcionais. A FAQ deste tema contén un resumo da formulación.

### 2. Fórmulas estruturais

Cando se representan todos os enlaces entre os átomos, estamos a utilizar **fórmulas estruturais desenvolvidas**. E cando só se representan os enlaces carbono-carbono, empregamos **fórmulas abreviadas**.



Estas fórmulas abreviadas úsanse cando un ten moita soltura coa nomenclatura. Por isto, temos unha situación intermedia onde se utilizan **fórmulas estruturais semidesenvolvidas**, nelas só se representan os enlaces entre os carbonos e, ás veces, algún enlace do carbono con osíxeno, nitróxeno, etc... se o composto dispón dos mesmos.



### 3. Isomería

É frecuente atopar substancias orgánicas que teñen a mesma fórmula molecular, pero que son compostos diferentes. Estes compostos denomínanse **isómeros** e este fenómeno coñécese co nome de **isomería**. Os isómeros pódense dividirse en dous grandes grupos: **isómeros constitucionais** e **estereoisómeros**.

#### ✓ Isómeros constitucionais

- **Isómeros de cadea:** Son aqueles que difiren na colocación dos átomos de carbono.
- **Isómeros de posición:** Son aqueles, que tendo o mesmo esqueleto carbonado, se distinguen pola posición que ocupa o grupo funcional.
- **Isómeros de función:** Son os compostos que, a pesar de teren a mesma fórmula molecular, posúen grupos funcionais distintos. ¿P. e x. alcohois e éteres, aldehidos e cetonas...?

#### ✓ Estereoisómeros

Os **estereoisómeros**, ademais de teren idénticas fórmulas moleculares, teñen os seus átomos unidos de igual maneira, pero a súa disposición no espazo é diferente. Subdivídense en **enantiómeros** e **diastereoisómeros**.